



## SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE TRASMAÑÓ, CELEBRADA O 30 DE OUTUBRO DE 2017

### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Novas propostas dos orzamentos participativos para o ano 2017
- 3.- Varios.

No Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó, sendo as vinte horas e dezaoto minutos do trinta de outubro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do concelleiro MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, da comezo a sesión coa asistencia, ademais, dos seguintes membros:

### **GRUPOS POLITICOS:**

M<sup>a</sup> JOSÉ BARCIELA BARROS, representante do PP.  
XAVIER BALSAS BARBEIRA, representante do BNG.

### **COMUNIDADE DE MONTES:**

FERNANDO MAGDALENA BLANCO  
JOSÉ LUIS RIOBÓ GIL,  
FERNANDO MAGDALENA RODRIGUEZ

### **ASOCIACIÓNS CULTURAI**

OLGA OTERO FIGUEROA  
ROSA GONZALEZ RODRÍGUEZ

### **ASOCIACIÓN DE MULLERES**



CARMEN CABALEIRO LAGO

### **ASOCIACIÓN DEPORTIVAS**

SONIA BASTOS LAGO

### **COMUNIDADE DE AUGAS**

- MARIO SÁNCHEZ ÁLVAREZ.

### **NON ASISTIRON:**

- DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, representante do PSOE.
- JORGE VARELA COUÑAGO, representante do grupo político A.E.R
- AVELINO ALONSO CRUZ, representante da Comunidade de Montes.
- ALVARO RICÓN GONZÁLEZ, representante das Asociacións Culturais.
- JOSÉ RICARDO EXPÓSITO ALONSO, representante das Asociacións Culturais.
- JESÚS BAMBA VÁZQUEZ, representante da Comunidade de Augas.

### **INCIDENCIAS.-**

Aberta a sesión pola Presidencia, comezase co primeiro punto do orde do día que é a aprobación da acta anterior (celebrada o día 6 de xuño de 2017). A isto o presidente di que se votará a aprobación na seguinte sesión xunto ca acta da presente convocatoria.

A continuación pásase ao punto dous que é o de: “Novas propostas dos orzamentos participativos para o ano 2017”

Neste punto, os asistentes fan unha valoración das propostas feitas na sesión do 6 de xuño de 2017:

- Respecto ao arranxe do muro situado na Leira do Muiño hai problemas xa que si se identificou aos propietarios das fincas afectadas pero no se chega a un acordo ademais TELEFÓNICA aínda non retirou o poste que afecta a obra (sí o fixo



FENOSA).

- Respecto a proposta de arranxar o camiño Estrada de Trasmañó núm 76-80 sí é posible

A isto, decídese que se arranxe este último e co orzamento restante se fagan novas propostas

A continuación os presentes fan as súas propostas para facer a súa valoración:

a) Don Fernando Magdalena Blanco propón que se meta unha grella na curva da Área recreativa que vai hacia Cedeira xa que se enche de terra.

As 20:23 incorpórase Sonia Bastos Lago

b) Dona Rosa González Rodríguez propón que se acondicionen os parques infantís da parroquia: porlle un bo material sintético: céspede artificial ou material amortiguador. A isto a concelleira M<sup>a</sup> José Barciela Barros di que é moi costoso e o presuposto sobrannte non chegaría para facer a obra. A isto o presidente di que suporía un investimento moi grande.

c) Dona Carmen Cabaleiro Lago propón que se instale un parque para maiores na “Tol”.

d) Dona Rosa González Rodríguez que se arranxe o camiño que une Cabanas con Cedeira: pasar unha pala e meter zahorra. A isto a concelleira M<sup>a</sup> José Barciela Barros di que igual non colle ningunha máquina. Rosa responde que si para saneamento colleu que agora debería coller tamén. A concelleira propón que se estude a obra.

Tamén propón que se arranxen tres camiños, o menos costoso de:

- Debaixo da Traída
- Camiño do río Maior (Fonte do río Maior no tramo de Cedeira)
- Camiño que vai ao Bombeo (o da “Lebre”).

Ás 20:30 incorporase Fernando Magdalena Rodríguez.

e) Don Fernando Magdalena Rodríguez propón arranxar a rotonda para que o servizo de Vitrasa chegue a tódolos veciños de Trasmañó. Di que se necesitaría pouco presuposto xa



que só sería ensanchar e asfaltar. Dona M<sup>a</sup> José Barciela Barros di si habería que mercar terreo ao que don Fernando di que non. Ademais, comprómetese a fala cos veciños para que a liña de Vitrasa chegue á parroquia de Cabeiro para que así haia maior afluencia de pasaxeiros.

f) Don Fernando Magdalena Blanco propón que se coloque un espello na Estrada San Vicente de Trasmañó núm 74.

Feitas as propostas sométense a votación e decídese, por orde de prioridade, que se dediquen os orzamentos participativos a:

- 1) Arranxar o camiño Estrada de Trasmañó núm 76-80.
- 2) Colocar unha grella na Area recreativa que vai a Cedeira.
- 3) Arranxar os tres camiños que propuso Rosa González Rodríguez (se non chega para todos, propoñen o que máis se use).
- 4) Colocar espello na Estrada de San Vicente de Trasmañó núm 74.

A continuación pasamos ao punto de “Varios”

- Don Fernando Magdalena Blanco di que se deben cambiar os letreiros dos barrios. A isto o presidente contesta que xa está en marcha pero se están encontrando co problema que está sendo danados porque están aparecendo escritos por enriba deles.
- Dona Rosa González Rodríguez di que se revisen as luces de acceso ao Centro Cultural xa que hai varias que están fundidas.
- Dona Rosa González Rodríguez di que se arranxe a subida ao Centro Cultural e se pode ser que debuxen as liñas viais do centro da estrada. A isto a concelleira contesta que as do centro non podería ser xa que cada carril ten que medir como mínimo 2,5 metros.... si se podería as da beiravía. A isto don Mario Sánchez Alvarez di que o concello debería sacar un bando para obrigar a que os propietarios das fincas con acceso as estradas limpen as súas fincas.
- Don Fernando Magdalena Rodríguez di que se debería ampliar a ponte de acceso a Trasmañó. Tamén pregunta se se vai eliminar a peaxe a Redondela. A isto o presidente contesta que por parte do concello xa se solicitou e presionou para que se levara a cabo.



- Dona Rosa González Rodríguez pregunta si se está analizando a auga das fontes públicas da parroquia xa que no listado que publica o concello de Redondela non saen as da parroquia de Trasmañó. A isto o presidente contesta que se fan 2 análises ao ano pero que isto non ten garantía sanitaria e que se publica mensualmente. Agora o que está facendo o concello é un estudo dos nomes para identificalas e tratar de porlle unha chapa a todas elas.
- Dona Rosa González Rodríguez pregunta si hai novidades respecto aos posibles usos do Colexio de Trasmañó e como está o tema do Centro cultural. A isto o presidente di que se tratará na seguinte sesión do Consello Parroquial

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dáse por rematada esta, sendo as vinte e unha horas e dezaioito minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, esténdese a presente acta, da que, como Secretaria, DOU FE.-

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

MIGUEL A. ALVAREZ BALLESTEROS

M<sup>a</sup> BELÉN RODRÍGUEZ LÓPEZ